

¡Terra a nos!

BIBLIOTECA POPULAR GALEGA

Volume 5.

10 cénts.



REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

F 7021

Biblioteca

ORENCIO VAAMONDE

FOLLAS AO VENTO

LA MOSCA

GRAN CASA DE ROPA BLANCA

Hay una sección especial de Corsés, en la cual tenemos siempre los últimos modelos.

Único depósito de la

FAJA ROYAL

SAN ANDRÉS 5

PRECIO FIJO

*To meu querido maestro e amigo D. Ma-
nuel Murguia*

Florencio Vaamonde

FLORENCIO VAAMONDE

FOLLAS AO VENTO

(POESIAS)

Parecense estas humildes producções á paxáos que voaron
do niño, e despôs de longo apartamento queren recollerse
outra ves ao agarimo paterno. Foron feitas en diversas datas;
ainda que baixo de unha mesma impresión.

Amarguezas viventes; feros que xurden, estarrecentes cuidados,
é o que lateja na cerna d'estas llanas. Son o debile tumiar
do sol se pondo; o gemer do piñeiral as rajas do nordesio.

Eu non quixera ceñbar o pasadume da idea, pero unha forza
misteriosa fai-me pulsar-a lira, inda que non son fillo da atti-
va Musa. Ja sei que mas brancas ende jamáis poñerán de min
na pela das faias do bosque sagrado, cal do divino cantor,

Here Vaamonde sang;

Ja o sei. Con todo, do Brazo que me arremuxa non podo fur-
tarme. Vaita, pois, hoje, o meu libri a coma o do triste desterra-
do no Ponto, a cumplir-o seu destino, sea o que fore;

Liber, ibis in urban
e mañán quen sabe ce largarás a outra parte; se denantes con-
trarios ventos no che arricaren as follas.

Cruña, 12 Febreiro 19.9.

JTERRA A NOSA!

Suplemento de EL NOROESTE

ANO I | A CRUÑA, 20 MARZO de 1919. | VOLUME 5.

FOLLAS AO VENTO

A MINA FADA

Ao Sr. D. EDUARDO PONDAL.

Todo no baixo mundo so trastoca
Cargando o mal nas mais sensibres almas,
Pondal amigo. Nos adversos casos
Das penas dos demais nunca a mirada
Ao longe separache,
E feros e triganzas
Que á min me conroían,
Cal sutridas por'tí considerabas.

Aos breves días que por min pasados
Foron en paz e calma,
Outros seguirion nos que as longas tebras
O vivido claror lles arroubaran.
Aqueles como lóstrego largaron,
E amargureza na alma
Mais grande mesmo atópo
Cando d'eles me ven a relembranza.

Outrora o astro rei no Ourente apenas
O límpido fulgor ademostraba,
Barrendo a sombra e nocturnal silencio
Que à terra dominaran,
Facendo escintilear nas lindas flores,
Co'as matutinas auras,
As côres avivando,
Pingueiras da orballada,
Daquela, eu accordando, do meu leito
Agiña me botaba,
Correndo á saudal-o,
Seguindo co'a mirada
Do seu avance no ridente cume
A esprêndida raiola que ceibaba.

Cal Titiro, no chan, baixo a rodeira
D'albre follosa, sobre da herva branda,
Ali eu atopaba meu acougo
Isento de compaña,
E entre o doce gorgeo dos paxáros
No subrime das cousas cavilaba.

Trocou-se todo pol-a lei eterna
Que todo muda e cambia,
E duros ventos con podente forza
O céfiro suave escorrentaran.
Quedou a miña nave sin governo
Que as ondas furibundas golpeaban,
Toldou-se presto o ceo, e de achar porto
Por perdidas ja dei as esperanzas.

Principiaron daquela os desacougos
Que de todo o meu ser donos se alzaran.

Fugiu, fugiu de min o que denantes
Fixera a vida grata;
¡Ai mísero! fugiu, e soio vejo
Noitebras que me esmagan
O canso corazón que de cotío
C'os feros esmorece e co'as triganzas.

En van, en van, pol-o alto asento espero
Da luz a labarada
Que rache o tendillón das negras sombras
Que o astro relucente encubertaran.
Todo inmóvil se cuida;
Tan soio a miña dôr movente abala,
E un outro ja parezo
Cercano ao fio da fatal gañada.

En van tristeiro, dos meus soños busco
A meiguiceira fada,
Leda, invisibre, que ao meu rente voa
E incerta sinto no bater das aas.
En van lle boto os brazos
C'o fervón da ansiedá que me traballa;
Ela, cal fume, foge e desparece,
Deixando soio a sua impresión grata
Que o pensamento á reo me atormenta
E desacouga a alma.

Un día á un outro dia se sucede,
Unha noite tras outra noite pasa,
E o tempo fugidizo
Trai a estación das augas,
E logo a primavera,
De rosas adornada,

Precede ao quente estío
Para volveren logo as invernadas.
Volven os campos verdes a despirse
E vense as lindas flores remouchadas,
E vísten-se de novo
E de novo a sequia fera as axa.
¡Ai!, debalde eu procura
Unha estación perenne floreada;
A todas partes diante de min levo
A visión doce que corroi miña alma.
Do rio na corrente,
Na claridá das augas,
Nas nubes, nas estrelas,
No cume das montañas,
Ou no fondal dos montes,
Ou na estensión das agras,
Eu apercibó, eu sinto,
A meiguiceira fada
E como me persigue
E canto que me engana.
Parece-me que ás veces
A teño na compañía,
Agarimosa sempre
Con melidas palabras,
Sorrindo feiticeira,
Calmando miñas ánsias.....

E noite pecha; caladiño todo
O mundo dorme na profunda calma,
Mas a mareira dentro de min teño
E meu ser todo por enteiro embarga.

Miro daquela para as altas nubes
E para a doce estrela prateada,
Testigo mudo de tan fonda pena,
E alivio pido para as miñas mágoas.
¡Ai! non tiveron para mim piedade,
Que soio había das nocturnas auras
O mesto asopro e sepulcral silencio
Que amigos imperaban;
Que compasivo os salaios tristes
Os feros mais crueis adormexaran.

Non así dura ora de mim te arredes,
Ouh meiguiceira fada!
Doce é o tormento que en seu fondo escuro
Meu peito sofre, se pracer non acha.
Detén un pouco teu ligeiro paso:
Baixa suave as tuas leves aas.
Pero ¡ai tolo! ¿qué digo? soio ao vento
Lanzando estou en van miñas palabras;
A quien eu falo cal lostrego foge
E seu dardo cruel de mim non larga.

Nadal, 1907.

COITAS

Sécas e murchas flores que estabádes
Inda hai pouco, vizosas, no arboredo,
E lle dabádes un aspecto ledo;
No chan vos vin cair.
Levadas polo vento á rolo andades
E, compasivo, a vos volvo a mirada,

Agora que fixestel-a jornada
De un mísero vivir.

O Outono vai ao longo da espesura
Dos arredados bosques e ribeiras,
Cumprindo a sua lei, de que, tristeiras,
Probastel-o rigor.

¡Ai! eu cuido que á min a sorte dura
Ja pol-a vosa ruta me encamiña,
Que por tristes presagos se adiviña,
Cuidados, mágoas, dórs.

Cando bican os ventos mainamente
As amargosas ondas, e no ceo
As nubes ás estrelas non fan veo
E doce o navegar;
Mas se os ventos se viran de repente,
E collidos nos vemos da marcira
A loita c' o poder da sua rajeira
Penosa é de afrontar.

Eu loitei, eu loitei c' o tempestoso
Da vida inmenso mar, mar insondabre,
Que os segredos que garda non é dабre
Aos homes conocer,
E por este camiño misterioso
Ha tanto e tanto tempo que navego,
Que á curva do infinito cuidar chego
Pensando cerca a ter.

¿Por qué motivo oculto me enganando
Meus ollos sempre están? ¿Por qué persigo
Esta inconita estrada? ¿Qué consigo
Con tanto matinar?

O orde eterno das cousas destinando
Non foi para nosoutros a ventura,
E en van de canto o fado nos procura
Queremos-nos furtar.

A jornada mortal o fin alcanza
No abismo aterrador da natureza
Non podendo en jamais nosa fraqueza
Seu veio descorrer.

¿E da dita unha fragil esperanza
Inda nos resta, e soños lisongeiros?
¡Ai, son cal é no cume dos outeiros
A neve a derreter!

DESEJOS

Era unha tarde; eu viña
Da caza c'os meus cás;
O sol esmorecente
Bañaba inda o Roibal.
Ao pé d'aqueles castros
Que son cal douis irmás,
—Bergondo e Reboredo,—
Dos pinos ao zoar
Fer dos pol-as rachas
Do duro vendaval,
Sentin non sei que cousa
Que fixome lembrar
Da triste servidume
En que esta terra está;

E os tempos afondando
E d'eles o pasar
Imaginei en liña
Cal rejo carballai,
Millares de guerreiros
Dispuestos a loitar;
Baruda gente afeita,
Que espera só a siñal
Para topar na lide
A morte, á non trunfar.
Mas era tan somente
Un doce e nobre afán.

Pasaron as virtudes,
Adorno de outra edá,
Cal pasa aquel ligeiro
Baixél que fende o mar
Topando nél a tumba
C'oa fera tempestá,
Que á non morrer n'houbera
Ainda sen quebrar
Cadeias e grilons
Que ao pobo gemer fán.

Ninguén se move agora
A situación trocar.
¡Ai! Quen naceu escravo
No entende a libertá,
E vive satisfeito,
Atados pes e más,
Ou ben todo enlordado
Na lama criminal,

Escura e innobremente
A cova descer vai.

¡Felís, oh, que deixara
O viaje terrenal
Envolto na bandeira
Que vira desfraldar,
Despois da defendere
Cal servidor leal,
Admiración causando
Nunha alongada edá.

VOZ DO PASADO.

*... nous, lâches et traitres,
Nous avons oublié les noms de nos ancêtres.*

BRICEUX.

Costante vagan dos nosos celtas,
Costante veñen preto de nós,
Pálidas sombras, tremando de ira
E dando berros de indinación.
¡Ai! eu as oio e en mí acenden
Puro e fervente, da patria o amor,
E ao vel-a escrava, seu triste estado
Párteme as cordas do corazón,
E a todas horas parez-me que elas
Falando estan-nos con rabia e dor:
«Ah, descendentes da nobre raza
Que á vos en herdo gloria deixou,
Como puxestel-o nome craro
Que antes levaran vosos abôs!

Ja das virtudes hoje perdestes
Santo o recordo co'a tradición,
E non cuidades, de oprobio cheos
En ocio eterno, do patrio honor.
¡Dos nosos tempos, ul-os altares
Que a gente nosa reverenciou?

¡Ai! non turbadel-o noso azougo;
Deixai-nos soios co'a nosa dórr.
¡Sobor das nosas frías e tristes
Revoltas cinzas, misero poe,
Séculos cantos correron duros,
E raza canta se desvanou!
Que o tempo, todo co'a fouce sega,
E todo engole devorador.
O tempo, dise: non é verdade;
Non pasa o tempo; pasamos nós.

«Foi domeada por nosos pais
A fachendia de un invasor,
E o doce rimo dos nobres bardos
As armas nosas glorificou.
Despois... a morte, sorrindo, alegre,
Andou ás monzas ao rúbro sol,
E a nosa gente de envilecida
Buscou un amo, perdido o honor;
E as nosas tumbas profana fero
Quen da ascendencia ja renegou.

«¡Ai, degradados, no vicio envoltos,
Os nados vemos sen outro amor!

Non así fumos nós os que demos
Exemplos dinos de admiración,
Ousada prole de bos soldados
Que manexaban os enxadós
E ben mandados á voz das nais,
Cuidar sabían do tardô boi
E que ao sentiren dos instrumentos
O enardecente, guerreiro son,
As armas presto despenduraban
E á loitar iban con nobre ardor;
Mas hoje a patria, vis descendentes
Dos que a vos grande, libre pasou,
A estar deixades escravizada,
Sufrindo o peso dos seus grilós.
A nai é vosá; non lle valedés;
Non a librades da humillación;
Indino é o fillo que, desleigado,
Esquençe a madre que lle donou
Vida e querencia, tras d'él deixando
Lembranza eterna de maldición,

CHUCO E CIDRÁN

CHUCO

¡Ai, amigo Cidrán, como campean
As mágoas nesta vida! En van intento
As sombras desvanar que me arrodean;
E se o pasado meu contempro atento
O corazón me doi, e presto veñen
Os feros na miña alma á ter asento.

Mais felis es que míñ; non te entreteñien,
Nin guerra che darán, tristes lembranzas
Que atormentado a míñ tanto me teñen.

CIDRÁN

¿Qué che direi, meu chuco! Semellanzas
Certamente entre nós apenas vemos;
Nin teño porque dar os ais que lanzas;
Mas, ditoso non són, que en jamais temos:
A sorte favorable en todo caso,
E en van en contra d'ela nos poñemos.

No é connigo tan dura, nin do vaso
O amargurento pouso bever fixo
Como agora a tí fai nun triste paso.

Venturoso me cuidas; tal colixo,
Pero non me cuidaras se souberas
Que nos mares que ruzo ha vento rixo.

CHUCO

Vejo, Cidrán amigo, que eisageras,
Queixas-te sin razón da tua sorte
E, gemendo sen causa, desesperas.

Inda viven teus padres que, na corte,
Teñen gado de seu, e de seguro
Capital herdarás à sua morte.

Sinten todos por tí un querer puro,
E se che foge agora a linda Andrea,
Non sempre o corazón terá tan duro.

Pero eu... ¡pobre de míñ! En casa allea,
Pariu-me miña nai, tan sin ventura
Que unha infancia pasei d'espiñas chea.

A servizio do Rei a desventura
 Levou-me aos anos vinte entre de gente
 De rústico falar e sin cultura.

Mesturado topeime de repente
 Cunhos sórdidos mozos de outra terra
 En todo d'esta nosa diferente.

Con eles de contado fun á guerra,
 E con bágoas e horror alí eu vía
 Cousas de que o acordo inda me aterra.

Retorna-mos ao fin, e o mesmo dia
 De chegarmos á patria á algun donaran
 Loureiro que a ningún darse debía,

Porque moitos houbera que medraran
 Sen que pouco tivesen de bondade,
 Que esquencidos quizás mellor estaran;
 Pero este mundo é así e a pouquidade
 Sube ás veces ao asento da vitoria,
 Contrastes nesta triste humanidade.

Inda teño o pasado na memoria,
 E, para no esquencel-o, levo aberta
 Unha ferida que saquei por gloria.

CIDRÁN

Ja sei que o que me dís e cousa certa,
 Que no hai moito que un home mo contara
 Un día que lle dei casa cuberta.

Mas dime, Chuco meu, ¿qué te levara
 A esa guerra facer pol-os alleos
 E que foi para tí tan longa e cara?

CHUCO •

Fun por forza, Cidrán; os meus deseos
Eran deixal-as armas de seguida
E esquencer-me dos bálicos arreos.
Non o puiden facer. Pena da vida
As leises imponían aos fugados,
Nin tanpouco era facil a fugida.

CIDRÁN

¡Ai, pobre terra a nosa! De criados,
Os teus fillos te leva unha outra terra
Para seren sin dó sacrificados.

CHUCO

Tes razón, meu Cidrán. De riba serra
O que baixo de nos estar debía
E no canto de quén opreso-berra.
Pero volvo ao meu conto. Foise o dia.

D'aqué'l recibimento gasalleiro

E a fame pavorosa mé collía.

E de fixo morrera no rueiro,

Se o fidalgo das Torres, generoso,

As portas non me abrise do celeiro.

Pero nunca escoado do nojoso,

Pegajento cuidado puiden verme

Nin á vere volvin un sol formoso.

Eu non sei como podo inda sostérme

Sin te lo me volver. Topei casada

A que soio a min fiel jurara ser-me.

Aquela linda moza tan amada
Esquençouse de fé, ail prometida,
E a vida me encurtou ao ser mudada.
Vivo morrendo, Chuco; esta no' é vida,
Por enemigo teño o duro fado;
Miña alma cada paso é mais doida.
¡Canta dór e miseria! Hasta este gado.
Estas pobres ovelas que apacento
Son d'outro, inda que as teño ao meu cuidado.

CIDRÁN

Pero mira, meu Chuco, o duro vento
Non eterno nas xarcias asuvía;
Non debes te entregar ao desalento..

Se por min te te guiaras, che diría
Largaras-te ben presto d'esta terra
Porque noutra, tal vez, mellor che iría.

Toda porta a ventura aquí che cerrá,
E flores non che dá, nin mantimento,
Que petes noutro lado seique berra.

CHUCO

Tí ben falas, Cidrán; pero o tormento
Que o corazón me pon entarrecente,
Aumentaría en min cada momento.
¡Ail, ¿cómo podería estar ausente
Dos sitios en que vin a nena pura
A quen inda quixera ter presente?

E certo que aos meus ollos se figura
O que estou tan ardente deseando;
Ilusión, e non mais, que pouco dura.

Que o querer que sentin non foi minguando,
E á pesar d'aquel golpe fero e duro,
Meu corazón por ela está lajando.

Contra do amor non val ningún procura,
E a neve que o cabelo manifesta
En nada m'efriou; eu cho aseguro.

CIDRÁN

Así me pasa á min. Nada me resta
Por deixar de facer pol-a rapaza,
E por cousa perdida ja dou esta,
Que se para esquencel-a busco naza
Agiña un outro amor, non pasa o día
Sin que o d'ela mais forte me renaza.

CHUCO

¡Cidrán, ai, meu Cidrán!, que só fería
A min curdei e non a tí, o tormento,
Nin pensei que tan grande en tí sería.

¡Oh! que felis é aquel á quen o vento
Por riba do tellado lle non zoa
E que goza de amor e de sustento;

Que miserias non ve de que se doa,
Nin viu en de jamais a terra estrana,
Nin de conta se fai que o tempo voa.

E nosoutros, á quen ventura engaña,
Fora ¡ai! mellor que o derradeiro corte,
Con rábido furor, nos dera insana,

Que teríamos neste mellor sorte.

O VOTO DO POPO

(1589)

Que cousa, que rumor ou que ansiedade,
Os corazóns abala?

Que sinistros presagos á cidade
Procuran aterrall-a?

Que rebumbio infernal, que movimento,
Qu que nevas estranas, cada istante,
De un lado ao outro lado leva o vento
Con eco pavoroso e resoante?

Ardente nos ares sibila a metralla;
O aceiro lampeja, ribomba o cañón;
O sangue, fervendo, na reja batalla
Cada home converte nun fero león.
Horrisono acento dá a tuba guerreira.
Os fortes camiñan na loita á morrer,
E rengen os ferros apôs da bandeira,
Que murcha ou trunfante, ben presto vai ser;
E en mescra confusa milfatos revoltos
Sedentos dè sangue, non queren depór
Os sopros de Marte que, libres e soltos,
A todos escitan o bélico ardor.

E vede aquí como a frigido logo
Un fato de creentes, en de vendo
O desigual combate, o triste rogo
Ao ceu dirige, de gran fé se enchendo:

«Protege-nos piedosa,
¡Ouh Virge do Rosario!
E sede a nosa guía
E sede o noso amparo,
Que esperanza non temos
Ja de socorro humano,
Dicía humildemente
O faio atribulado,

«Qide-nos, Señora,
Aos que neste segrario
Se poñen baixo o voso
Escudo soberano.

«¡Ai! Non consintas nunca
Que seja asoballado
Por esa gente impía,
¡Ouh, Virge do Rosario!
O pobo que defende
Aqueste chan sagrado
E que en perigo vese
Pol-o poder britano;
Que nos che prometemos,
Para vindeiros anos,
Comemorar gozosos
Teu nome sacrosanto.»

Ao altíssimo trono
Chegou a pregaria,
Fugiron as nubes
Que o espacio toldaran,
E un son misterioso,
Morrendo na praia,

Nas almas creentes
Dos bós que rogaran
Deixou os esluvios
Da santa esperanza,
Cal prenda segura
De que ja chegaran
As horas felices
De paz e bonanza.

E de pronto, aterrando ao estrangeiro,
Baixo un sol que esmechando o ilumina,
E por sobre un vermello regueiro,
Aparece radiante heroína.

E arrogante, de pé, no pináculo,
E cinguida de louro inmortal,
Apresenta grandioso espetáculo,
Desempeña misión celestial.

E a galaica bandeira gloriosa,
Trunfadora nas más se lle vé,
Na jornada en que sai vitoriosa
C' o amor patrio dos créntes a fé.

NO BOSQUE

Amigas albres, da floresta amada,
A saudar-vos eu de novo veño
Cal noutros tempos a menudo viña
Buscal-o fresco na espesura vosa,
Cando a raiola, na estación ardente,
Mais esmechante sobre vos baixaba.

¡E que vizosas, que era genio ver-vos
Como estabádes de verdor cubertas!

Agora estades co'a rodeira ispida
E os toros cheios de carriza escura,
E non parleiros paxariños voan
A rebuldare nos ramallos tenros,
Que ás almas, tristés, de africión e dores,
Dobles falades no misterio envoltas
E o voso amargo, gémedor suspiro,
Bentar parece o derradeiro outono.

Eu támén sinto que tamen me toca
A vellés fea co'a sua man de ge o,
E pon-me ao cabo da mortal jornada;
Así eu atopo moita mais dozura
Nesta hora en ver-vos, como cando un torna
D'estranas terras aos nativos eidos.

Aqui o acougo pol-o menos reina
Junto de vos, onde jamais resoan
Do mar humano aterradores bruos,
Nin o turbou a peregrina espada,
Hoje suprio do universo enteiro
Que fai tremar a humanidade toda
Ante dos labios da fatal esfinge.

¡Infortunados pobos! Os tiranos
No desatado cubizar non zazan.
Ferós, Belona, o fúnebre estandarte
A todos ventos, espantando, amostra,
E geme o chan ao seu horréndo paso
Que soio cinzas e cadavres deixa.

¿Quén foi o miserabre que primeiro
Trouxo contra do irmán o ferro agudo?

Da eisecrabe contendá, cal é a causa?
Largando-se en remuños van os homes
A matar e morrer. ¿Porqué? Non saben;
E eses tolos guerreiros van gozosos,
Como mansas obellas, obedentes
Á despótica voz de quen os manda.
Rerir, matar, non é para eles crime;
Destruir e roubar non é delito;
E o mítile inhumano coas mas tintas
Pól-o inocente sangue, despóis volve
Dos campos de batalla, e pól-os seus,
Mais tolos que él ainda, e recibido
Con palmas e coroas a porfia.

¡Dios de bondade! concedei que eu goce
Da ventura suprema de humán sangue
Non derramar jamais. Pereza todo
Mortal que horror non ten das mas impías
No crime lexugar... ¡Ai! De Filipos
Na bética función, soio houbo un héroe:
O vate desertor tirando o escudo.

1916.

ODA ALCAICA

De te ver presto sinto-me en ávido,
Amado bosque, para min próvido,
Meu doce lugar onde á un tempo
Os meus recordos teu nome invocan;
Gratos recordos cal soños místicos
Que, pracenteiros, o ser embárgan-me,

E no fondo do amante peito,
Presentes sempre, maiores anínan.

Á fresca sombra das verdes árbores
Louzás que amostras, e fortes erguen-se;
Ao son meiguiceiro das follas
Que o vento amigo manso beijaba,

Vin morrer dias; e ali jounh misero!
Cain escravo da nena espótica
Que soubo ao seu carro poñerme,
E un hora viche miña ventura.

Sua sombriza soberba bóveda,
Parez decía, con tono prácido:
—«Un nobre recollo aquí vede,
Onde almas duas que se ben queiran

Deter-se poidan, tenras juntando-se
E na espesura sentian-se cálidos
Meigos bicos, baixo da estrela
Que as doces ansias de amor encobre.

¡Ai, cantas veces ao vento nórdico,
No teu soliño carreiro, trémulo
Ou gozoso, pasiei o amargo
Ou o contento da sorte miña!

¡Ai, cantas veces feriu-me súpeto
A cerna da alma da duda a fóstrega!
Fogen días e horas ao foxo
Do esquencimento que mais non volven;

Pero dos ollos as bágoas salén-me
E esmorecente se pon meu ánimo,
Que o pasado ven-me á memoria;

E o sol podente brile ou se tolde,

Que o mundo feche glórias, ou pérrido

Ben do infortunio nos ceibe o ácio

Pol-a sua vasta largueza,

A min, ai triste, nada me importa.

O mal adage, costante grúma-me,

E como aos ventos corren, e arrástran-se

Pol-o chan as follas caídas,

A min me levan da sorte as rachas.

Mas nesta dura triganza insolita,

C'os teus ramallos, ouh bosque, acólle-me

Coma d'antes agarimoso,

Consolo doce das coitas miñas.

1917.

TRANSIT GLORIA

De paisage ridente circundados

E de hedras e de silvas coroados,

Os vellos paredós miran ao val;

Pero ainda que o paisage sea ridente

Non deixan d'amostrar ben craramente

Que pasou por aii o ange fatal.

Fai darredor dos muros a espesura

Das albres bravas urha sombra escura

Que cingue e beixa, con un tenro amor,

Os tristes restos onde acaso outrora

Mais de un heroe viviu, de quen agora

Nin do nome togamos sabedor.

¡Como as moreas, ai, de negras pedras,
Entre petadas de rastreiras hédras,
C' o rir contrastar do florido Abril!
O campo todo, o seu verdor rénova;
Todo guarnece e viste unha cór nova;
Todo embalsama un recender sutil.

As sombras dos que ali foron un día
Arrebatados pol-a Parca impia,
Parece que as oímos respirar
E en torno das paredes van vagando
Como o cango viajeiro vai buscando
No deserto un albergue onde pousar,

E que unha procesión de espectros anda
E recorrendo vai de banda a banda
Os que foran espréndidos salós;
E que se sinte o choque dos escudos,
De aceiros o renger e golpes rudos,
E berros é groseiras maldicíos,

Ou o canto de nobres trobadores,
Ou de damas cautivas dos amores
Un docísmo e vago suspirar.
¡Ai! os idos na innumera ringleira
Que aquí segou a morte, no hai maneira
De que poidan á vida retornar.

Mira o lagarto, único testigo
Do que o tempo voador levou consigo,
Dende as grutas dos preñes paredós,
E con ollada fria e languicente,
O estrago contempra feito ao rente,
Tendo as albres por fúnebres crescós.

En van polos estintos jail chamamos,
Ninguén responde, e sempre nos topamos
C'oa muda esfinge que nos da pavor.
O misero mortal solo un viage
Fai neste pobre terrenal pasage
En busca de hourizonte enganador,

E corre tras pantasma misterioso
E esperanzas sin ceo, cuboso,
Oindo da serea cantar ruin.

¿E qué queda detrás? A torpe esquencia
Dos homes e das cousas; impotencia:
Silencio aterrador; noite sin fin.

NO OUTONO

¡Como a vosa follage s'enrarece,
Ouh meiguiceiras álbres! Veu o outono
E ja todo vizór desaparece!

¡Quen o serdes as mesmas cuidaria
Que ha pouco unha rodeira mostrabades
Onde entral-a raiola non podia!

¡cumprides da estación o seu mandado,
Ou temedes morrer á man irada
Que manexa cruel o vil machado,

Ese aceiro cortante que, en mal hora,
Asañando-se en vos, fixo un rareo,
E do vento ao furor da-vos agora?

¡Ai! Conócese ben. Vos receladous
Dos homes as rageiras; si, dos homes,
Que andan tolos buscando novedades.

Hoje que lei non queren, nin un freio
Nin relixión, que en sacar os poida.
Do vivir en que están, de vicio cheio.
Certo, vese do come a sabidencia
Pol-o mundo estendida a todas partes,
E medrar con asombro toda ciencia.

Él os mares recorre con ajuda
Do vento que nas xarcias asuvía,
Ou do vapor na máquina ferruda.

Él a lagoa atua e logo a obriga
A soporta-lo arado e recubrir-se
Da rubicunda, nutritora espiga.
Él colle nos ichós aves ligeiras,
A fera no gramil, e o peixe colle
Nos ríos e no mar, de mil maneiras.

Él o animal bravío manso torna.
Pon o freio ao cabalo e o boi cortella
Que o cáñamo en jamais sentiu na corna.

Pol-o espacio de un punto ao fin da terra.
Nun istante chegar fai a palabra,
Ou por un tempo, se ben quer, a encerra.

Él colle ao ceo o raio e llo cautiva,
E pol-os aires cruza e alto voa,
Ligeiro moito más que un águia altiva.
E más ainda fai: contra da morte
Loita e detén ás veces seus esforzos,
E sábe-lle á doencia dar un corte.

Mas con tanto saber, soberbo gado
Tornou-se, e de soberba se apace ina,
Contra toda justicia rebelado,

Que inda viven os fillos de Japeto,
Novos dotes de Caduro desparecidos.
Reina o arte ruin da fera Aleto.

O mundo todo está con repunantes
Maldades e miserias dominado,
E en porfías crueles sempre costantes.

Asemélla-se a un barco que, perdido,
Sin rumbo vai no medio da tormenta,
Por mar do seu piloto non corrido.

A negra noite o colle, e a fera onda
O timón lle arrincou, e outra onda fera
O náutico sepulta na auga fonda.

O vento a nave leva na incerteza
A seguro desastre. D'este geito
¿Qué corazón non sentirá fraqueza?

QUEIXUMES

O sol púxose hai tempo
Detrás da nube escura,
E foi quedando o bosque,
Pouquño á pouco, envolto nas negruras.

A soledá, o calado,
Ninguén agora turba,
Somente un gris suave
As follas move que, ao pasar, murmuran;
E para min en tanto,
A quen a pena engruña,

Eu cuido que es ainda
D'esta fechada noite crara lúa,
Que en van o teu desvío,
Ouh meiga formosura,
En nin matar pretendé
A fé con qué te amei, que non se muda.
¡Ah, certamente é feita
Pr'a dór esta espesura!
Aqui ceivar-se pode
O mal contido afán que o peito oculta.
Se as meiguiceiras albres,
Que tanto ao triste ayudan
Gardar saben segredos
Das mágoas que lles chora o sin' ventura,
¡Ai, canto, nena, fuche
Conmigo cruel e injusta!
¿Así é como pagas
A este servo de amor que ao carro ajugas?
¿Desagradeiche en algo?
¿Qué cousa, que infundura,
Te puxo tan trocada,
Que, cal terrón, o corazón me amurras?
Non sei, soio apercibo
Que vou quedando á escuras,
E aquí, con abandono,
No pensamento médrá-me a amargura,
Como un adiós calado
Que a alma me conturba,
Laído triste é duro
D'esta miña querencia grande e pura.

Mas, forte érgue-se vento.
Con forza as albres fungan,
¿Acaso o seu asopro
Virá arrincal-los feros que me gruman?
Despois, berros estranos
E vocería confusa
Paréce-me que oio
Que á un misterioso susurrar se ajuntan.
Son jail as voces tolas
Que do pasado zumban,
Os ecos fugidíos
I o pantasma que agora se derruba.
Vos, esperanzas mortas,
Caede na fondura
Do meu doído peito
Como no outono can as follas murchas,
Que, agora, triste o atopo,
feride, sin ter cura
C'os feros desenganos
Que largan hoje as atagentas duras.
Meu corazón, ai, cantas
Tuveche añsias e angustias!
¡Quén sabe se mais grandes
En tí se aniñarán mágoas futuras!

Certame literario de "TERRA A NOSA"

TRABALLOS RECIBIDOS

Até a data d'hoxe leyamos recibidos os seguintes traballos qu'imo's numerando por orden de chegada:

- Núm. 1. Versos, DA RAZA. Lema: «Cántalie cantos forzados—qu'esforzado o peito fan». — *Pondal*.
- Núm. 2. TIPOS DA TERRA, en prosa. Lema: «Tipos da terra».
- Núm. 3. Novela, AMOR SINXELO. Lema: «Hércules».
- Núm. 4. Novela, CATUXA. Lema: «Os tempos son chegados».
- Núm. 5. Novela, AMOR Malfadado. Lema: «Marineda».
- Núm. 6. Novela, ALMA GALEGA. Lema: «Rosinha».

Pra o próximo mes d'Abril, comenzaremos a publicar algos traballos recibidos que seian merecentes de publical-os seg a opinión do xurado calificador.

Dito xurado será composto por delegados das entidades: «Academia Gallega», boletín «A Nosa Terra», «Centro rexionalista», «Instituto de Estudios gallegos», «Irmandade da Fala» e xornal «El Noroeste».

No próximo volume, publicarase

ENREDOS

COMEDIA EN DOUS ACTOS

orival de

LEANDRO CARRE ALVARELLOS

CAMISERÍA

GUANTERÍA

CORBATERÍA

ESPECIALIDAD.

en camisas a medida

y pijamas

ENRIQUE ROCA

Real, 28

La Coruña

La Proveedora Galleja

Gran Fábrica de CHOCOLATES elaborados a brazo

D.E.



JUAN VÁZQUEZ PEREIRO

Estrecha de San Andrés, 3

LA CORUÑA

Marca registrada

Marca registrada



CONSUMIDORES: Podéis tomar estos chocolates con la más absoluta confianza, pues os garantizo que en su precio y clase, no los encontraréis mejores, más puros, ni elaborados con más esmero y limpieza.
Pedirlos, o más bien exigirlos en todos los Ultramarinos, si queréis dargusto a vuestro palar y gozar buena salud.